

Actas das

II Xornadas

Olga Gallego de Arquivos

Os arquivos

da Administración local:

política, planificación

e sistemas fronte ao cambio

Os arquivos

da Administración Local

na Provincia de Pontevedra

Actuacións e situación actual

Lourdes Pérez-Santamarina Feijóo

José Luis Castro Carpintero

Servizo de Patrimonio

Documental e Bibliográfico

Arquivo da Deputación

Provincial de Pontevedra

Os arquivos da Administración Local na provincia de Pontevedra.

Actuacións e situación actual.

Lourdes Pérez-Santamarina Feijóo
José Luis Castro Carpintero

■ Introducción

No inicio da década dos anos oitenta do pasado século, diante da situación que na provincia de Pontevedra amosaba o patrimonio documental dos concellos, previo recoñecemento da situación real e comprobadas as dificultades técnicas e económicas das propias entidades locais para dispoñer o bo funcionamento dos seus arquivos, concíbese e propónse para a súa aprobación o “*Proyecto de organización de los archivos municipales*” diante do Pleno da Deputación de Pontevedra.

Esta proposta pretendía dar resposta a unha evidente necesidade confirmada logo da visita e comprobación da realidade dos arquivos na totalidade dos concellos da provincia, así como das intencións e posibilidades de que esta realidade mudara polos seus propios medios.

Todo elo plásmase nun informe-proposta elaborado polo arquivista da Deputación Miguel A. Pereira Figueroa, con data 18 de abril de 1981 sometido, inicialmente, a ditame da Comisión de Educación, Deportes e Turismo baixo a denominación “*Plan urgente de organización de los archivos municipales de la provincia de Pontevedra*”, nos que logo dunha estimación económica do custo - 1.000.000 de pesetas anuais - argumentáanse as pretensións:

1. Organizar e ordenar cun criterio unificado tódolos arquivos da provincia.
2. Contar no arquivo da Deputación cun ficheiro indicativo de toda a documentación da provincia, centralizando a información nun só punto.
3. Estímase necesario un mínimo de tres anos.
4. Valorarase a situación real dos arquivos en toda a provincia.
5. Partiríase dun informe inicial en colaboración cos respectivos secretarios municipais.
6. Contaríase con licenciados en letras para esta tarefa, comezando polos casos de maior necesidade e urxencia.
7. Control de todo o proceso polo arquivista.
8. Presentarase informe das actuacións ó remate de cada ano.
9. Poderase acordar o traslado da documentación daqueles concellos que non poidan sostelos ou mantelos, sempre que a Deputación o considere de interese.

Superado a tramitación a Comisión de Educación, Deportes e Turismo de 14 de maio de 1981 no seu dítame acorda facer súa e aprobar esta proposta; a mesma sométese posteriormente a aprobación do Pleno da Corporación Provincial de 21 de maio de 1981, que toma o seguinte acordo:

172.- MOCIÓN DEL ARCHIVERO BIBLIOTECARIO DE LA DIPUTACIÓN

“Se aprueba la Moción presentada por el Archivero-Bibliotecario de esta Diputación, relativa al Proyecto de organización de los Archivos Municipales de la Provincia, seleccionando en principio para llevarlo a cabo, los Municipios de Bayona, Marín y Cotobade condicionado en cuanto a ejecución inmediata a las consignaciones presupuestarias e interesando que por la Xunta de Galicia se colabore con medios personales en el indicado proyecto.”

Este ambicioso “*Plan de organización de Archivos Municipales*” era unha necesidade que pululaba entre os profesionais da arquivística a nivel nacional, sendo Pontevedra un dos primeiros en levalo á práctica, dotalo económica e tecnicamente e poñerse a traballar a prol da conservación dun rico patrimonio que se descoñecía e que se estragaba.

Como obxectivos xenéricos tentábanse, xa de inicio, cotas e metas importantes:

- *clasificar, ordenar e inventariar cun criterio unificado, dentro do posible, todos os arquivos municipais da provincia, favorecendo así o labor administrativo e investigador.
- *evitar a constante e indiscriminada destrución documental que ata o momento viñan sufrindo, incitando á dotación de locais con equipamentos e condicións axeitadas en todas as súas facetas (control ambiental, temperatura, iluminación, ventilación, mobiliario...).
- *centralizar a información (só información nunca a propia documentación) nun único punto de traballo.

Como método de traballo establecíase un proceso regulado:

- *iniciábase coa visita e contacto cos responsables municipais
- *elaboración dun pertinente e completo informe inicial
- *establecemento das oportunas obrigas que supoñen para os concellos a adecuación dos locais dos arquivos; aportar os materiais necesarios de equipamento (estantes, ficheiro...), mobiliario e caixas de arquivo; compromiso de mantemento do traballo enviando cada tres anos un inventario dos novos fondos incorporados; dotación de persoal propio onde fora necesario.

Pola súa parte a Deputación compromete asistencia permanente; organización e ordenación inicial dos fondos e descrición para a súa consulta.

Nos seguintes anos a Deputación de Pontevedra desenvolveu con regularidade actuacións de organización e descrición na práctica totalidade dos arquivos municipais, que afrontaban deste modo o primeiro proceso regulado de tratamento técnico dos seus fondos; para iso dispuxéronse os medios humanos posibles, custeados directamente con fondos propios da Institución ou mediante acordos e convenios co Instituto Nacional de Emprego ou Servizo Galego de Colocación ou coa Consellería de Cultura, de maneira máis regular ou mediante plans ocasionais como foron o “Prestige” ou o “Programa Labora”.

Un fito a destacar acontece no ano 1996 coa posibilidade de iniciar o proceso de informatización dos instrumentos de descrición do propio Arquivo de Deputación e dos arquivos municipais, axilizando e simplificando determinadas partes do proceso e mellorando de modo sensible o acceso e manexo da información. Ademais a posta en marcha no ano 2001 da páxina web <http://arquivos.depontevedra.es/> dependente do Servizo de Proceso de Datos (Novas Tecnoloxías na actualidade) desta institución contribuíu tamén á difusión dos traballos que se viñan desenvolvendo e motivou a normalización de determinados procesos.

Ao longo dos anos fóronse realizando nos diferentes arquivos da provincia sucesivos procesos de actualización e incorporación de nova documentación, normalización e aumento dos niveis de descrición, melloras nas instalacións e equipamentos, actuacións para favorecer o acceso e conservación, e principalmente políticas de dixitalización e difusión da información conservada nos diferentes centros da provincia.

Todo isto culmina co proceso actual de posta en marcha dunha nova ferramenta para a xestión e tratamento técnico dos arquivos da provincia, logo do oportuno concurso público. A opción finalmente elixida entre as dúas opcións existentes foi ATOM que é un sistema de xestión arquivística de software libre e gratuito, moi intuitivo, que se presenta cunha interface amigable en forma de fichas e planillas e que permite importar ou enlazar obxectos dixitais, respecta as xerarquías intelectuais dos cadros de clasificación, e permite que as descricións arquivísticas, todas ou parte delas, se poidan facer públicas na rede, o que o converte nunha axeitada ferramenta de difusión.

Tomando como base esta ferramenta, na procura da normalización e posta en valor do traballo técnico realizado nos últimos anos, a Deputación de Pontevedra puxo a disposición dos centros arquivísticos un desenvolvemento específico deste software, que acolle xa a información de 127 institucións con 212 fondos documentais diferentes, nos que se pode navegar e acceder aos seus contidos.

Ao mesmo tempo continúa a levar a cabo a súa acción de asistencia técnica ás administracións e institucións da provincia en materia de patrimonio documental, na idea de difundir o patrimonio conservado e organizado, así como o importante labor de dixitalización acometido nos últimos anos, cunha permanente actualización de contidos e aberta a novas incorporacións.

Repasamos de seguido, a modo de breve memoria, os datos principais das actuacións desenvoltas nestes últimos trinta e cinco anos e os seus resultados coa finalidade de achegar unha “foto fixa” real da situación actual que presenta o patrimonio documental da provincia de Pontevedra.

■ 1. Os recursos humanos

Nos primeiros anos da década dos oitenta do século pasado, para esta finalidade destínanse a totalidade dos recursos humanos cos que contaba daquela o Arquivo da Deputación. O seu arquiveiro, Miguel A. Pereira Figueroa, asume dende un principio as funcións de negociación e contacto cos concellos, a redacción dos informes e propostas necesarias e a coordinación e supervisión final dos traballos. Para elo contaba coa colaboración da auxiliar administrativa Marina Piñeiro Novo, sobre a que nos primeiros anos recaeu a maior parte dos traballos mecanográficos e administrativos deste proceso.

Os dous bolseiros cos que se conta, Pablo Taboada Moure e María Luisa Paredes Pazos, substituída logo por Elena Garnelo Mariñas (1984) encárganse entre outras funcións da supervisión do persoal contratado para a organización dos diferentes arquivos.

Para a realización do traballo nos diferentes arquivos municipais solicítanse tres “supernumerarios” propoñéndose a César Manuel López Marras, Elisa Bugallo Vidal, substituída en xuño de 1982 por Consuelo Amoedo Lorenzo, e María Concepción Melero Fernández, os tres licenciados en letras que quedaran nos primeiros postos entre os non propostos no proceso selectivo dos bolseiros do arquivo.

A fórmula de contratación elixida inicialmente para este persoal foi o contrato de arrendamento de servizo, por pequenos períodos de tempo que se foron ampliando ó longo dos anos 1982 ata 1986, con cantidades económicas que empezaron en 35.000 pesetas mensuais e chegaron ata as 50.000 pesetas.

O ano 1985 supuxo un cambio no proceso, recibindo un forte impulso polo apoio do Instituto Nacional de Emprego, organismo co que se firma un convenio que logo se mantería en anos sucesivos soamente con pequenas variables de temporalidade e número de contratacións.

Este primeiro convenio foi valorado en 6.000.000 de pesetas do que o 75% corría a cargo do INEM e o 25% restante da Deputación. Supuxo a contratación de 10 licenciados en letras por un período de seis meses (xullo-decembro) para a organización dos arquivos de Vilagarcía de Arousa, A Estrada, Vilaboa e Ponte Caldelas, en grupos de dous ou tres licenciados por arquivo. O persoal seleccionado neste ano sería:

María Eugenia Valenzuela Senn

José Luis Castro Carpintero

Elena Agüete Landín

José Manuel Castaño García

Antonio Fortes Campos

María del Mar Abilleira Fernández

María Jesús Meaños Tubio

Concepción Contreras Pedrosa

Rafael Pérez Rego

Margarita María Pintos Varela

Esta nova situación provocou no ano 1986 unha modificación na estrutura organizativa do arquivo toda vez que se crea funcionalmente o Equipo Técnico de Arquivos Municipais (logo Servizo Técnico do Patrimonio Documental - STPDOC) polo que os contratados en arrendamento de servizo César López Marras, José Luis Castro Carpintero e Lourdes Pérez-Santamarina Feijóo pasaron ademais de coordinar e supervisar ao persoal contratado polo convenio co INEM, a desenvolver tarefas de asistencia técnica permanente e dirixir a outro persoal contratado directamente polos concellos ou en convenios entre concellos e INEM para a organización dos seus arquivos.

Este Equipo Técnico de Arquivos Municipais que programa, coordina, dirixe e supervisa ó persoal contratado, amén de colaborar nos distintos procesos técnicos desenvolto, co paso dos anos estabiliza a súa situación laboral, pasando por sucesivas modalidades ata a creación das prazas no cadro de persoal da Deputación, dentro do Servizo do Patrimonio Documental e Bibliográfico.

Por outra parte ó longo de todos estes anos viñeron desenvolvéndose con continuidade sucesivos convenios co Instituto Nacional de Emprego ou, logo da oportuna transferencia de competencias, coa Consellería de Familia a través do Servizo Galego de Colocación ou do Programa LABORA.

Dende o ano 1988 complementábase o proceso coa incorporación de auxiliares administrativos para a elaboración dos instrumentos de descrición: inventarios en papel e en ficha, mecanografados inicialmente de xeito manual ou electrónico. Este labor realizábanlo anteriormente os propios licenciados e a auxiliar do Arquivo da Deputación Mariña Piñeiro Novo.

Entre os anos 1989-2000 a Consellería de Cultura incluíu na súa programación a contratación de bolseiros para a organización de arquivos municipais da provincia de Pontevedra, con diferentes períodos temporais, que tamén contribuíron no desenvolvemento dos procesos de organización e descrición do patrimonio documental dos concellos, como logo veremos.

A incorporación en 1996 ó cadro de persoal de Enrique Seoane Paredes, inicialmente en categoría de auxiliar administrativo, posteriormente transformada en técnico auxiliar informático, provoca o inicio do proceso de informatización do propio Arquivo de Deputación e dos arquivos municipais, axilizando e simplificando determinadas partes do proceso e mellorando de xeito sensible o acceso e manexo da información. Para contribuír a este labor, en tarefas de apoio, téñense contratado temporalmente con fórmulas diversas o longo destes anos, as seguintes persoas: Bárbara Gutiérrez Paz, Luisa Freire Dopazo, Arturo Rey Soto, Javier Vázquez Barbazán e Beatriz Paz Gómez.

A posta en marcha da páxina web da Deputación Provincial, dependente do Servizo de Proceso de Datos desta Institución, coa colaboración destacada de Carlos Vieira, contribuíu tamén á difusión dos traballos que se viñan desenvolvendo e motivou un proceso de normalización de determinados procesos.

No ano 2009 incorporouse na coordinación e colaboración dos diferentes procesos técnicos Alberto Aramburu García-Pintos, ata entón auxiliar de arquivo no concello de Sanxenxo e produciuse a xubilación de Miguel A. Pereira Figueroa, que viña desempeñando o posto

de Xefe do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico dende 1977 ata o mes de xullo de 2014.

Ao longo de todos estes anos foron moitas as fórmulas e formas de contratación do persoal que ten participado nos diferentes traballos e actuacións levados a cabo nos arquivos dos xulgados de paz, entidades locais menores, mancomunidades, irmandades de labregos e gandeiros, así como en cantos fondos documentais e institucións da provincia de Pontevedra que requiriron asistencia puntual (Instituto de Pontevedra, Cámara Agraria, Xestur, Goberno Civil, Cárcere de Tui, Colexio oficial de arquitectos de Pontevedra, diferentes fondos familiares...).

Relacionamos de seguido, como testemuña informativa e como agradecemento sentido a todos polo seu esforzo, na maioría das ocasións, sobre todo nos primeiros anos, en condicións de traballo paupérrimas, con actuacións que a maioría das veces superaban o que se lle debería pedir e co agravante as veces do pouco interese dos propios concellos. Polo po que se tragou, pola sucidade, polas cargas e descargas, os movementos de inxentes cantidades de papel, a falla de colaboración, o desorde existente... e polo traballo ben feito e diligentemente rematado.

1986: contratados en convenio co INEM:

Manuel Couto Nogueira

Paula Fernández Bañuelos

Esther Fernández Pérez

María Esther González Correa

Montserrat Jaudenes Angoitia

María Jesús Núñez Portela

María Dolores Pereira Oliveira

Leonor Rey Rey

María Eugenia Valenzuela Senn

1987: contratados en convenio co INEM:

Elena Agüete Landín

María Jesús Fernández Bascuas

Montserrat Fernández Vázquez

Nuria de los Milagros Vázquez Gutiérrez

Montserrat Jaudenes Angoitia

María Jesús Núñez Portela

María Dolores Pereira Oliveira

Leonor Rey Rey

María Eugenia Valenzuela Senn

María Teresa Cimadevila Estévez

1988: contratados en convenio co INEM:

María Jesús Abal Sabarís

Elena Agüete Landín

José Martínez Crespo

Susana Iglesias Pazo

María Josefa Piñón López

Nuria de los Milagros Vázquez Gutiérrez

Silvia Patiño Bouzas

Dúas auxiliares administrativas:

María Luisa Fraguas Rodríguez

María del Pilar Baamonde Lusquiños

1989: contratados en convenio co INEM:

Edelmira Cortegoso Graña

María Teresa Túñez Landín

María Josefa Piñón López

Luis Miguel Arias Novas

María Teresa Cimadevila Estévez

María del Carmen Pereira Pazos

José Martínez Crespo

Elena Garnelo Mariñas

Catro auxiliares administrativos

María Rosalía Casal Rial

Rosa García Gondaríz

José Luis García Lorenzo

María del Pilar García González

Bolseiros seleccionados pola Xunta de Galicia:

Elena Aguite Landín

Nuria de los Milagros Vázquez Gutiérrez

José Luis Pita Carballo

Bríxida Álvarez Prado

Alfonso Parada Vilas

Juana María López Oviedo

María José Louro Tubio

Julia Fernández Garza

Gemma López Salazar

María del Mar Abilleira Fernández

Paula Fernández Bañuelos

1990: contratados en convenio co INEM:

Julia Bartolomé Villanueva

Josefa Fernández Ayuso

Paula Fernández Bañuelos

Blanca García-Señoráns Álvarez

María Teresa Tۇñez Landín

Francisco Valiñas Torres

Elena Garnelo Mariñas

Ofelia Novo Carballal

Isabel Revenga Portela

María del Carmen Pereira Pazos

Tres auxiliares administrativos

María Teresa Rey Carral

María Esther Sánchez Barreiro

María del Carmen Freijeiro Moreno

Bolseiros seleccionados pola Xunta de Galicia:

Edelmira Cortegoso Graña

Carla María Cociña Iglesias

Alfonso Parada Vilas

Nuria de los Milagros Vázquez Gutiérrez

María Jesús Núñez Portela

María Teresa Tۇñez Landín

1991: contratados en convenio co INEM:

María Jesús Cuesta de Pedro

Marina Díaz Paredes

Susana García Mangas

María Luisa Justo Miras

Paz de la Peña Santos

Irene Tapia Pena

Francisco Redondo Abal

María Puig Pérez-Quevedo

Pilar Gil Romero

Catro auxiliares administrativos

Dolores Fontenla Rodríguez

Rosa María García Ogando

Marisol Vilas Cambeses

Manuela Rodríguez Blanco

Bolseiros seleccionados pola Xunta de Galicia:

Carina Fernández Faya

Juan Lorenzo García Sánchez

Jorge Vidal López

Nuria de los Milagros Vázquez Gutiérrez

Josefa Fernández Ayuso

Edelmira Cortegoso Graña

1992: contratados en convenio co INEM:

María Jesús Cuesta de Pedro

Marina Díaz Paredes

María Luisa Justo Miras

María Puig Pérez-Quevedo

Un auxiliar administrativo

Marisol Vilas Cambeses

Bolseiros seleccionados pola Xunta de Galicia:

Josefa Fernández Ayuso

María José Vilas Barreiro

María del Carmen Pereira Pazos

María Teresa Túñez Landín

1993: contratados en convenio co INEM:

Marina Díaz Paredes

María Puig Pérez-Quevedo

María José Rodríguez González

María José Villanueva Viñas

Inés Pájaro Porral

Tres auxiliares administrativo

Milagros Argibay Pérez

Ana María Pazos García

María del Carmen Mesías Dacasa

Bolseiros seleccionados pola Xunta de Galicia:

Josefa Fernández Ayuso

María del Carmen Pereira Pazos

María Dolores Poch Mariño

María Teresa Túñez Landín

Isabel Revenga Portela

1994: contratados en convenio co INEM:

Antonio Iglesias Pena

Inmaculada Serrano Plaza

Ana María Álvarez Villar

María Teresa Túñez Landín

Olga Castañeda Rodríguez

Dous auxiliares administrativos

Sonia Domínguez Torres

Adoración Serrano García

Bolseiros seleccionados pola Xunta de Galicia:

Fernando de Frías Conde

Ana María Facal Maroñas

Inés Pájaro Porral

María del Carmen Pereira Pazos

Nuria Hoyos Silva

1995: contratados en convenio co INEM:

Leonor Rey Rey

Xosé Luis Méndez Pérez

Guadalupe Maxide Lantero

Irene Tapia Pena

Esther Fernández Pérez

Pilar Rosales Vázquez

Inés Pájaro Porral

Tres auxiliares administrativos:

Estrella Gil Iglesias

María Luisa Serrano Corroto

Mercedes Míguez Solla

Bolseiros seleccionados pola Xunta de Galicia:

Josefa Fernández Ayuso

María del Carmen Pereira Pazos

María del Coro Lomas Lara

María José Liñares Noya

1996: contratados en convenio co INEM:

Marina Díaz Paredes

Juan Carlos Villegas García

María Luz Justo Acevedo

Carmen Touzón Fernández

Esther Fernández Pérez

María del Carmen Fariña Fernández

Cristina Villaverde Ruibal

María Sonsoles Ortiz de Urbina González

Tres auxiliares administrativos:

David Estévez Romero

María José Méndez Lariño

Mercedes Míguez Solla

Bolseiros seleccionados pola Xunta de Galicia:

Marta López Francisco

Inés Pájaro Porral

María Teresa Tüñez Landín

1997: contratados en convenio co INEM:

Fe Cortiñas Rodríguez

María del Carmen Fariña Fernández

Manuela González Rey

María José Villanueva Viñas

Cristina Villaverde Ruibal

Carmen Touzón Fernández

Catro auxiliares administrativos:

Gerardo Rey Jácome

Ana Isabel Baltasar Veiga

María José González Varela

María del Carmen Freijeiro Moreno

Bolseiros seleccionados pola Xunta de Galicia:

Esther Fernández Pérez

Margarita Veiga Villaverde

1998: contratados en convenio co INEM:

Fe Cortiñas Rodríguez

María del Carmen Fariña Fernández

Manuela González Rey

María Begoña Pérez Losada

Isabel Revenga Portela

M^a Belén Rodríguez-Cadarso de la Peña

Carmen Touzón Fernández

María José Villanueva Viñas

Cinco auxiliares administrativos:

Secundina Bouza López

Mercedes Míguez Solla

Rosa Mouriño Beloso

Argentina Rivera Blanco

Bruno Somoza Serantes

Bolseiros seleccionados pola Xunta de Galicia:

Mónica Amigo Suárez

Juan Carlos Carballal Lata

Norma Paz Vigo

María Montserrat Maneiro Bermúdez

1999: contratados en convenio co INEM:

Manuela González Rey

María Begoña Pérez Losada

Carmen Touzón Fernández

Ana María Casal Moreira

Esther del Castillo Fondevila

Esther Fernández Pérez

Cristina Peleteiro Gallego

Cristina Villaverde Ruibal

Seis auxiliares administrativos:

María José González Varela

Rosa Mouriño Beloso

Carmen Ordóñez Omil

Isidoro Prado Gómez

Gonzalo Torrado Pérez

María Victoria Iglesias Cascallar

Bolseiros seleccionados pola Xunta de Galicia:

Antonio Iglesias Pena

Juan Carlos Carballal Lata

Rosana Alonso Comesaña

2000: contratados en convenio co INEM:

Manuela González Rey

Alberto Aramburu García-Pintos

Esther del Castillo Fondevila

Cristina Peleteiro Gallego

Carmen Touzón Fernández

Jaime Moíño Vaamonde

María Begoña Pérez Losada

María del Carmen Fariña Fernández

Cinco auxiliares administrativos:

María José Besada Riveiro

Marisol Martínez Vázquez

Rosa Mouriño Beloso

Luis Díaz Devesa

Carmen María Chávez Álvarez

Bolseiros seleccionados pola Xunta de Galicia:

Damián Alberto Porto Rico

Ana María Álvarez Villar

Elena Carro Cruz

Purificación García Blanco

2001: contratados en convenio co INEM:

Manuela González Rey

Esther del Castillo Fondevila

Cristina Peleteiro Gallego

Carmen Touzón Fernández

Jaime Moíño Vaamonde

Begoña Pérez Losada

Carmen Fariña Fernández

Tres auxiliares administrativos:

María José Besada Riveiro

María Sandra Chorén Vilar

Carmen Cereijo Crespo

Beatriz Garrido Muíños

2002: contratados de acordo co Plan LABORA:

José Luis Bustelo Rodríguez

Vicente García Romero

Manuela González Rey

Victoria Hortas Porto

Iria Jauregui Carrasco

Mónica Núñez Carro

Manuel Pena Pájaro

Roxelio Guillermo Pérez Agulla

Rosa Pérez Diz

Ana María Vallés Castro

Vanessa Laredo Guiance

Raquel Torres Fernández

María Dolores Ríos Valiñas

José Luis Varela Ledo

Antonio López Bodaño

Marcos Meijueiro Rey

Carmen Pérez Larrán

Jaime Moíño Vaamonde

José Ramón López Fernández

María Herminia Martínez Pereira

Daniel Menéndez Rodríguez

María Jesús Vidal Rodríguez

Eva González Rodríguez

Álvaro Rodríguez Cid

Ana Gesteira Ponce

Beatriz Barciela Castrelos

Pilar Lago González

José Mario Gómez Penide

Oito auxiliares administrativos:

María José Besada Riveiro
 Sonia Domínguez Torres
 María Victoria Iglesias Cascallar
 María Carrasco Couselo
 Beatriz Novas Ferradás
 Cristina Pidre Loira
 Raquel Pintos García
 Gabriel Ángel Vilela Chacón

Contratado concello Vilagarcía de Arousa:

Manuel Fuentes Suárez

2003: contratados de acordo co Plan LABORA:

Marcos Pereiras Álvarez
 José Ramón Pérez Calvelo
 Rubén Villar Álvarez
 María José Viñuela Fuentes
 Jorge Abel Otero
 Juan Carlos Fontanes Paz

Contratada por Deputación:

Manuela González Rey

Tres auxiliares administrativos:

Gema Piñón Acibeiro
 Nuria López Peleteiro
 David Estévez Romero

2004: contratados de acordo co Plan LABORA:

Jacobo Domínguez Pedreira
 Francisco Orge Ventín
 Iñaki Varela Pérez
 Iria Chaves Moledo
 Montserrat Romero Alonso
 Isabel Balchada Bermúdez

Tres auxiliares administrativos:

Ricardo Manuel García Otero
 María Mercedes Costado Pastoriza
 Beatriz Picó Álvarez

Bolseira:

Manuela González Rey

2005: contratados de acordo co Plan LABORA:

María Torres Hermida
 Jorge Abel Otero

Alfonso Ferreiro Monteagudo

Borja Mazaira Fernández

Lara María Moldes González

Tres auxiliares administrativos:

Cristina Nogueira Louzao

María del Carmen Rodríguez López

María del Carmen Delgado Ponte

Bolseira:

Mª del Carmen Fariña Fernández

2006: contrato Deputación:

Roberto Rodríguez Álvarez

Bolseiros:

Marta Lucio Gómez

Mª del Carmen Fariña Fernández

Manuela González Rey

2007: contratados de acordo co Convenio coa Xunta de Galicia:

María Cristina Vilar Misa

Mercedes Estévez Ogando

Alfonso Ferreiro Monteagudo

María de los Ángeles Vázquez Martínez

Contrato Deputación:

Jacobo Domínguez Pedreira

Isabel Couso Bravo

Bolseira:

Mª del Carmen Fariña Fernández

2008: contratados de acordo co Convenio coa Xunta de Galicia:

Isabel Couso Bravo

Lucía Campos Alonso

Mónica Núñez Carro

Iria Chaves Moledo

Laura Pereira Ramilo

Contrato Deputación:

María Torres Hermida

Mª del Carmen Fariña Fernández

Bolseiros:

Roberto Rodríguez Álvarez

Julio Rafael Pereira Bernárdez.

Mª del Carmen Fariña Fernández

Contrato Plan Cooperación Deputación:

José Manuel Alonso Riobó

Auxiliar administrativa:

M^a Inmaculada López Quián

2009: contratados de acordo co Convenio coa Xunta de Galicia:

Isabel Couso Bravo

María Díaz Rey

Jacobo Domínguez Pedreira

M^a del Carmen Fariña Fernández

Mónica Núñez Carro

Francisco Orge Ventín

Contrato Programa Cooperación Deputación:

Iria Chaves Moledo

Bolseiros:

Alfonso Gómez Martín

María Lede Pérez

Contratado laboral Deputación:

Alberto Aramburu García- Pintos

2010: contratados de acordo co Convenio coa Xunta de Galicia:

Isabel Couso Bravo

Iria Chaves Moledo

M^a del Carmen Fariña Fernández

Aida M^a Pérez Martínez

Contrato Programa Cooperación Deputación:

José Gago García- Brabo

Jorge García García

Miguel Martínez Puig

Sabela Pavón Guede

2011: contrato Programa Cooperación Deputación:

Olalla Barreiro Molano

Miguel Martínez Puig

Lara M^a Moldes González

Francisco Orge Ventín

Bolseiros:

Iria Chaves Moledo

Francisco Orge Ventín

2012: Bolseiros:

Javier López Sáez

Aida M^a Pérez Martínez

2013: Contratados de acordo co Plan práctica laboral:

Pablo Pastoriza Rozas

Fátima Baña Hernanz

Bolseiros:

Carla Muñoz López

Diego González Gómez

Paula Boullosa Rodríguez

Judith Chao Andrade

2014: Bolseiros:

José Ángel Reyes González

Miguel Ángel Rocafort Ferradas

Antón Vázquez Escudero

Yolanda Lois Peón

Óscar Pena Espiño

Lorena García Novoa

Sabela Vázquez Díaz

2015: Bolseiros:

Rita Mª Fernández Domínguez

Ángela López Prieto

María del Mar Lemiña Lemus

2016: Bolseiros:

Rocío Carballo López

Lucas Ferreiros Ruiz

Leticia García Otero

Yago Vidal Riveiro

Sonia Novoa Novoa

Sara Cagigal Faginas

Lucía Carreira Méndez

Diego Ares Tapia

Nalgúns casos os propios concellos, ben directamente ou ben mediante convenios co INEM, aportan persoal para o desenvolvemento dos procesos de organización. Este é o caso de María Jesús Barral Varela (Meis 1986); Manuel Cortés Couselo (Valga 1986); Carlos Pérez Guisado (Mondariz 1986); Dolores Gamallo (Tui 1984-2016); Delio Fernández González e Margarita Arca Liste (Vilaboa 2001-2016); Ana Isabel Iglesias Fernández, Sofía Martínez Araujo e Vanesa Boullosa Peralba (Fornelos de Montes 2004-2016); Manuel Fuentes Suárez e Roberto Sobrado Miguélez (Vilagarcía de Arousa 2004-2016); María Jesús Fernández Bascuas (A Estrada 2000-2016); Cristina Aballe Román (Nigrán 2000-2005); Francisco Javier Casás Mariño (Moaña 2001-2016); Joaquín Suárez Vicente (O Rosal 1998-2005); Belarmino Barreiro Rosales (Bueu 2004-2016); Elena Aguate Landín e Marina Olga

Aguín Núñez (O Grove 1996-2016); Diana Lago Álvarez (Mos 2003-2005); Concepción Castro Esperón, María Leal González e Macarena Ferreiro Soto (Poio 2002-2016); Antonio José Groba Diéguez (Ponteareas 1999-2016); Juan Ángel Tornero López e Ana Gesteira Ponce (Redondela 1998-2016); Judith Hernández Terán (Salceda de Caselas 2008-2009) Alberto Aramburu García-Pintos e Susana Aguín Suárez (Sanxenxo 2001-2016); José Ramón López Fernández (Lalín 2003-2005) e algún outro que se nos poida esquecer.

A modo de valoración concluímos reflexionando sobre a pobre realidade da situación dos arquivos municipais da provincia en relación con recursos humanos que os propios concellos lle dedican, partindo sempre da premisa de que cada arquivo debería contar cun arquivero, cando menos naqueles concellos que por presuposto, poboación, actuacións e servizos prestados ou pola súa realidade documental certamente o requiren se procuramos un servizo mínimo axeitado.

É por iso que pensamos dende sempre que o servizo de asistencia técnica permanente como o que vén prestando a Deputación nos últimos anos non poden substituír a dotación de persoal para os diferentes procesos a desenvolver nun arquivo, moitos deles desatendidos ou deficientes na actualidade. Lamentamos no seu día o fracaso dalgún leve intento de mancomunar este servizo entre varios concellos, solución menos mala de ter sido efectiva, ou a falla da esixencia de persoal específico na Lei de arquivos e documentos de Galicia de aprobación recente.

Dende sempre asumimos como premisa que cada concello debe manter o seu propio arquivo, nas súas propias dependencias e ao servizo da súa administración, no seu territorio e para os seus cidadáns preferentemente, que é onde realmente alcanza un sentido pleno. Rexeitamos sempre os traslados documentais ou a centralización en depósitos xa que sería o primeiro paso cara á súa desaparición cando menos funcional. Así mesmo dende sempre fomentamos a acción pública, con medios públicos, para as actuacións de organización, descrición e conservación do patrimonio documental das entidades locais, tanto na aportación de locais, equipamentos ou outros materiais necesarios coma no relacionado cos recursos humanos.

É evidente que carecemos da presión social necesaria para que se asuma e resolva esta carencia e, ao mesmo tempo, son moitas as necesidades e melloras que os concellos teñen que asumir e poucos e as veces mal xestionados os recursos cos que se contan, o que nos ten levado ao debate da súa subsistencia, da necesidade de menos e máis grandes, das supresións, das fusións...

A día de hoxe a relación de postos de traballo na provincia de Pontevedra do persoal que total ou parcialmente atende os arquivos municipais é a seguinte:

Concello	Persoal	Nivel
Baiona	María Cristina Vilar Misa	Arquiveira-bibliotecaria. Grupo A2
Bueu	Belarmino Barreiro Rosales	Arquiveiro. Grupo A2
Cangas	Jose Iglesias Lagoa	Auxiliar arquivo. Grupo C2
A Estrada	María Jesús Fernández Bascuas	Administrativo. Grupo C1
O Grove	Marina Olga Aguín Núñez	Directora da Casa da Cultura. Grupo C1
Moaña	Francisco Javier Casás Mariño	Auxiliar arquivo-notificador. Grupo C2
Mos	Diana Lago Mendoza	Auxiliar arquivo – biblioteca. Grupo C2
Nigrán	Cristina Aballe Román	Encargada da biblioteca. C1
Poio	Macarena Ferreiro Soto	Arquiveira- bibliotecaria. Grupo A2
Ponteareas	Antonio Jose Groba Diéguez	Arquiveiro
Redondela	Ana Gesteira Ponce	Auxiliar arquivo. Grupo C2
Sanxenxo	Alberto Aramburu García-Pintos Susana Aguín Suárez	Auxiliar arquivo. Grupo C2 (excedencia) Auxiliar administrativo. Grupo C2
Tui	Rafael Sánchez Bargiela María Dolores Martínez Gamallo	Arquiveiro, bibliotecario, museo. Grupo A2 (excedencia) Auxiliar arquivo. Grupo C2
Vilagarcía de Arousa	Roberto Sobrado Miguélez	Auxiliar arquivo. Grupo C2

■ 2. As instalacións

Un elemento importante no desenvolvemento das actuacións foi a insistencia na procura dunha axeitada instalación na que poder desenvolver os procesos de organización, descrición, manexo e consulta dos fondos e na que puidesen quedar debidamente instalados na procura da súa oportuna conservación.

O certo é que no referente á habitabilidade, disposición e equipamento dos locais nos que se conserva o patrimonio documental das diferentes entidades locais da provincia tamén se aprecia unha considerable melloría ó longo destes anos, parella as melloras que se teñen producido nas casas dos concellos e nas edificacións municipais en xeral.

Aínda que a programación específica das actuacións en arquivos municipais deseñada dende a Deputación Provincial non chegou nunca a incluír partidas orzamentarias concretas para a mellora de locais ou dotación de equipamentos, si se obrigaba aos concellos a mellorar as instalacións previamente ao proceso de organización, ofrecendo o asesoramento e as indicacións pertinentes a fin de conseguir condicións de habitabilidade e ambientais axeitadas para a conservación dos documentos.

Excepcionalmente nalgúns casos concretos –entidades locais menores, xulgados de paz...- acometeuse a instalación de pequenos equipamentos (estantes, ficheiros, mobiliario...) ou a aportación dos materiais necesarios para o traballo (caixas, fichas...) con cargo ao presuposto do propio Arquivo Provincial.

En todo caso, amén da esixencia e da labor de concienciación desenvolta co gallo do proceso de organización, serían as aportacións que dende a Xunta de Galicia (Consellerías

de Presidencia ou de Xustiza e Interior..) se fixeron con regularidade para a mellora das casas dos concellos as que provocarían a mellora sensible nos locais de arquivo.

Pola súa parte a Consellería de Cultura, algúns anos convoca tamén pequenas axudas específicas para obras e equipamento dos locais de arquivo que contribúe ao mesmo tempo a mellorar as condicións dalgúns concellos.

Sendo notoria a posibilidade de evolución e coas carencias que aínda se aprecian, é certo que as instalacións teñen alcanzado un grado satisfactorio, xeralizándose o uso de estantería metálica, ás veces compactada, o uso de deshumidificadores e sistemas de control de temperatura, a existencia de ficheiros metálicos (no seu día moi necesarios) e os equipamentos para poder traballar e realizar a consulta da documentación.

Aínda carecemos dunha concepción de locais para esta finalidade –só A Estrada ten un edificio para arquivo- sendo corrente o uso de espazos secundarios (sotos ou faiados) non requiridos para outros servizos administrativos e, o que resulta máis perigoso, teñen moita mobilidade, sendo habituais os casos de traslados ocorridos nos últimos anos, tanto a instalacións fóra da casa do concello como dentro da mesma.

Se tomamos como referencia a publicación que no ano 1990 elaboramos sobre a realidade das instalacións dos arquivos e os recollidos en 2005, as condicións dos locais, por cambio de ubicación, na maior parte dos casos, ou por ampliación noutros, téñense modificado en 43 concellos, algo máis do 70%.

1989				2005			
Concello	Nº	m ²	Localización	Fóra	Nº	m ²	Localización
AGOLADA	1	24	Planta segunda		1	24	Planta segunda
ARBO	2	50	Planta baixa		2	40	Baixo cuberta
BAIONA	1	22	Planta primeira		4	106	Planta baixa, primeira e segunda
BARRO	2	66	Baixo cuberta		1	45	Soto
BUEU	6	228	Baixo cuberta	Si	2	98	Casa da cultura de Cela
CALDAS DE REIS	2	42	Planta baixa		2	40	Planta baixa
CAMBADOS	3	95	Baixo cuberta		3	120	Baixo cuberta
CAMPO LAMEIRO	1	13	Soto		2	31	Soto
CANGAS	2	90	Planta baixa e primeira	Si	4	180	Soto casa concello. Casa de oficios.
A CAÑIZA	2	19	Planta baixa		3	50	Planta baixa
CATOIRA	2	48	Baixo cuberta		2	48	Baixo cuberta
CERDEDO	2	65	Baixo cuberta		2	65	Baixo cuberta
COTOBADÉ	1	88	Baixo cuberta		1	88	Baixo cuberta
COVELO	1	60	Planta terceira		1	60	Planta terceira
CRECENTE	1	112	Baixo cuberta		1	112	Baixo cuberta
CUNTIS	1	63	Planta segunda		1	63	Planta segunda
DOZÓN	1	10	Planta baixa		2	22	Planta baixa
A ESTRADA	1	114	Baixo cuberta	Si	2	180	Edificio Arquivo
FORCAREI	2	65	Planta baixa		2	65	Planta baixa
FORNELOS DE MONTES	1	16	Planta baixa		1	16	Planta baixa

GONDOMAR	2	39	Soto e Baixo cuberta	Si	1	65	Baixo cuberta. Casa de cultura
O GROVE	2	36	Baixo cuberta	Si	1	30	Planta baixa. Casa da Cultura
A GUARDA	3	30	Soto	Si	3	125	Soto. Casa da Cultura
ILLA DE AROUSA	-	-	-		1	32	Segunda planta
LALÍN	2	25	Planta baixa	Si	1	70	Antiga Biblioteca. Museo dos Títeres.
A LAMA	1	30	Planta baixa		1	30	Planta baixa
MARÍN	1	32	Baixo cuberta		-	-	-
MEAÑO	2	30	Planta primeira		1	46	Planta baixa
MEIS	1	46	Planta baixa		1	46	Planta baixa
MOAÑA	1	35	Planta baixa	Si	1	35	Planta baixa
MONDARIZ	2	46	Planta primeira		1	45	Soto
MONDARIZ-BALNEARIO	1	12	Planta segunda		1	43	Baixo cuberta
MORAÑA	1	57	Baixo cuberta	Si	1	60	Antiga escola unitaria
MOS	3	56	Baixo cuberta	Si	1	36	Biblioteca Petelos
AS NEVES	2	45	Planta primeira e Soto		2	60	Soto
NIGRÁN	1	35	Soto		1	68	Soto
OIA	1	35	Planta baixa		1	35	Planta baixa
PAZOS DE BORBÉN	1	25	Baixo cuberta		1		Planta baixa
POIO	1	12	Planta baixa		1	62	Semisoto
PONTE CALDELAS	1	22	Planta baixa		3	89	Entreplanta
PONTEAREAS	2	140	Baixo cuberta		2	56	Entreplanta
PONTECESURES	1	252	Semisoto		2	72	Semisoto
PONTEVEDRA	-	-	-	-		-	
PORRIÑO	2	42	Plantas quinta e sexta		2	46	Soto e planta baixa
PORTAS	1	30	Planta segunda		2	40	Baixo cuberta
REDONDELA	2	40	Planta baixa		4	40	Planta baixa
RIBADUMIA	1	23	Baixo cuberta		2	28	Baixo cuberta
RODEIRO	1	20	Planta primeira		1	45	Edificio Xulgado
O ROSAL	1	25	Planta primeira		3	63	Baixo cuberta
SALCEDA DE CASELAS	1	30	Baixo cuberta		1	45	Planta baixa
SALVATERRA DE MIÑO	2	32	Planta baixa		1	90	Baixo cuberta
SANXENXO	1	40	Baixo cuberta	Si	1	120	Planta baixa
SILLEDA	10	80	Baixo cuberta		10	80	Baixo cuberta
SOUTOMAIOR	1	18	Planta baixa		2	36	Baixo cuberta
TOMIÑO	2	41	Baixo cuberta		3	95	Baixo cuberta e entreplanta
TUI	2	90	Semisoto		3	140	Semisoto
VALGA	1	60	Planta primeira		1	160	Baixo cuberta
VIGO	-	-	-		-	-	-
VILA DE CRUCES	3	40	Planta baixa e primeira		1	45	Soto
VILABOA	1	28	Planta baixa		1	70	Baixo cuberta
VILAGARCÍA DE AROUSA	2	240	Baixo cuberta e entreplanta		6	280	Baixo cuberta. Soto
VILANOVA DE AROUSA	1	30	Planta baixa	Si	2	110	Primeira planta mercado

Como queira que se careceu dende sempre dunha planificación organizada de espazos para o arquivo no deseño das casas consistoriais necesariamente produciuse unha evolución dos locais dedicados a arquivo de forma permanente, directamente relacionada coa evolución das instalacións municipais e das súas posibilidades, da implementación de novos servizos, do aumento de persoal ...etc.

Na maior parte dos concellos iáanse ocupando os posibles espazos útiles, que se foron ampliando, habilitando e equipando de acordo ao que o crecemento documental íalle requirindo. Así podemos detraer un dato relevante: fronte ao local único que se pretendeu nas primeiras actuacións, na idea de centralizar toda a documentación para o proceso inicial de organizala, describila e instalala, a realidade xa no ano 2005 era que só foron 30 os concellos (50%) os que puideron centralizar a documentación nun único local; este proceso foi acelerándose e na actualidade son xa só 20 (33%) aqueles que teñen un único espazo de arquivo.

Nas edificacións de nova planta, máis recentes, si que se procura un espazo axeitado, debidamente equipado e coa previsión de crecemento a medio prazo, tal e como ocorreu en varios concellos que mudaron a súa casa consistorial nestes últimos anos e con elo o seu espazo para o arquivo (Lalín, Salceda de Caselas ou Barro).

Esta situación leva a outra realidade, que complica o servizo e atención dos arquivos, sobre todo coa situación, analizada anteriormente, dos recursos humanos dedicados para iso. A habilitación de novos espazos, como queira que as propias casas consistoriais son limitadas superficialmente e os servizos e cadros de persoal teñen aumentado moito nestas décadas, implica habilitar outros fora da casa do concello, noutros edificios públicos, máis ou menos próximos dependendo das posibilidades (escolas, casas de cultura, mercados, xulgados, edificios multiusos, bibliotecas ...). Así temos que nos inicios das actuacións a practica totalidade do fondo documental a conservar atopábase na casa do concello, namentres que xa no ano 2005 eran 12 (20%) os concellos que tiñan trasladado parte dos fondos a un local externo á casa do concello por falta de capacidade de almacenamento, e na actualidade, nun proceso imparabile son xa 20 (33%) que tiveron que asumir esta solución de forma definitiva ou provisional e son moitos os que se atopan nunha situación de dificultade.

A totalidade dos concellos da provincia asume a día de hoxe de forma directa e como obriga propia a conservación do seu patrimonio documental e para iso mantén unhas instalacións de acordo coas súas posibilidades. A realidade actual no que se refire aos equipamentos e instalacións destes locais, presentaría estes datos:

2016					
Concello	m2	Localización	Fóra	Nº	Est. Comp.
AGOLADA	30	Planta baixa		1	
ARBO	70	Baixo cuberta concello e planta baixa edificio Correos	Si	3	
BAIONA	115	Planta baixa, primeira e segunda		3	
BARRO	145	Soto		1	
BUEU	98	Primeira planta casa cultura Cela	Si	2	
CALDAS DE REIS	102	Planta baixa		5	

CAMBADOS	95	Baixo cuberta		3	
CAMPO LAMEIRO	80	Soto		1	Si
CANGAS	180	Semisoto		4	Si
A CAÑIZA	50	Planta baixa		3	
CATOIRA	78	Segunda planta edificio Aragunde	Si	4	
CERDEDO	65	Baixo cuberta		1	
COTOBADÉ	60	Primeira planta biblioteca	Si	2	
COVELO	60	Baixo cuberta		1	
CRECENTE	92	Baixo cuberta		1	
CUNTIS	63	Planta segunda		3	
DOZÓN	22	Planta baixa		2	
A ESTRADA	180	Primeira planta edificio arquivo	Si	2	Si
FORCAREI	85	Soto, planta baixa e baixo cuberta		3	Si
FORNELOS DE MONTES	32	Planta baixa		2	
GONDOMAR	86	Semisoto casa urbanismo e baixo cuberta casa cultura	Si	3	
O GROVE	66	Planta baixa casa cultura	Si	2	Si
A GUARDA	125	Planta baixa concello e primeira planta casa cultura	Si	3	
A ILLA DE AROUSA	32	Segunda planta		1	Si
LALÍN	140	Soto		1	Si
A LAMA	62	Primeira planta	Si	1	
MEAÑO	60	Planta primeira e semisoto		2	Si
MEIS	46	Planta baixa		1	Si
MOAÑA	80	Semisoto		1	Si
MONDARIZ	46	Soto		1	
MONDARIZ-BALNEARIO	43	Baixo cuberta		1	
MORAÑA	60	Planta baixa antiga escola unitaria	Si	1	
MOS	76	Planta baixa biblioteca Petelos e segunda planta CDL Tameiga	Si	2	Si
AS NEVES	70	Semisoto		3	
NIGRÁN	125	Soto		2	Si
OIA	55	Planta baixa		2	
PAZOS DE BORBÉN	45	Planta baixa		1	
POIO	62	Semisoto		2	Si
PONTECALDELAS	62	Entreplanta concello e primeira planta edificio multiusos	Si	4	
PONTEAREAS	140	Entreplanta		2	
PONTECESURES	72	Semisoto		1	
PORRIÑO	56	Soto, planta baixa, quinta e sexta		4	Si
PORTAS	40	Baixo cuberta		2	
REDONDELA	60	Planta baixa		4	Si
RIBADUMIA	43	Baixo cuberta concello e soto edificio multiusos	Si	2	
RODEIRO	45	Planta primeira edificio xulgado		1	
O ROSAL	75	Baixo cuberta		1	
SALCEDA DE CASELAS	45	Soto		1	Si
SALVATERRA DE MIÑO	90	Baixo cuberta		2	
SANXENXO	145	Soto		1	Si

SILLEDA	80	Baixo cuberta		1	
SOUTOMAIOR	48	Semisoto e baixo cuberta		3	Si
TOMIÑO	120	Entreplanta e baixo cuberta concello. Planta baixa e primeira planta edificio usos múltiples	Si	5	Si
TUI	140	Semisoto		3	Si
VALGA	160	Baixo cuberta		1	
VILA DE CRUCES	40	Soto		1	
VILABOA	70	Planta segunda		1	
VILAGARCÍA DE AROUSA	280	Baixo cuberta e soto		6	Si
VILANOVA DE AROUSA	110	Planta primeira mercado	Si	2	

Os estantes compactados, de maior custo pero de incuestionable aproveitamento espacial, foron instalados en vinte e un arquivos municipais como fórmula de maior aproveitamento espacial; a práctica totalidade conta con aparatos deshumidificadores e sistemas de calefacción. Así mesmo as condicións de limpeza, ventilación e aireación, luminosidade e habitabilidade en xeral, xa son aceptables.

■ 3. A conservación

Contribuír á mellora da conservación documental é unha das prioridades polas que se actúa no conxunto dos arquivos municipais da provincia de Pontevedra. Neste senso véñense desenvolvendo actuacións preventivas que unidas a antedita mellora dos espazos e dos equipamentos e materiais de instalación permiten acadar este obxectivo.

O primeiro paso cara á conservación acométese no proceso de organización e ordenación, mediante a limpeza da documentación, retirada de elementos prexudiciais (gomas, pezas metálicas..) e coa limpeza de duplicados, publicacións, impresos e outros documentos innecesarios. Xeneralízase en tódolos arquivos a instalación da documentación en caixas de arquivo definitivo, de cartón a poder ser plastificado e ríxido, cun sistema de peche adecuado e cunha composición do cartón que sexa axeitada para a finalidade conservadora. Predomina, de ser posible, o tamaño “folio prolongado” para evitar roces e permitir a correcta manipulación dos fondos.

No relativo á mellora das condicións de conservación destacan dúas actuacións: a instalación de deshumidificadores na totalidade dos locais, desenvolto mediante convenio coa Consellería de Cultura en dous anos consecutivos (2007-2008) para a mellora das condicións ambientais e o control da humidade nos locais onde se conservan os documentos.

Por parte da Deputación provincial iníciase en 2001 unha actuación que ten permanencia no tempo ao longo de dez anos practicamente consecutivos de desratización, desinsectación e desinfección a desenvolver nos locais dos arquivos municipais e da propia Deputación Provincial.

Esta actuación alcanza no seu primeiro ano a un total de 34 arquivos municipais, algo máis da metade dos organizados, contratándose o servizo coa empresa “Andrade: control

de pragas”, por un importe total de 1.978.960 pesetas; no ano 2003 a adxudicación corresponde de novo á empresa “Andrade”, con dúas partidas unha para o arquivo da Deputación por un importe 879,36 euros e 37 arquivos municipais por un importe de 11.023,14. (297 € concello/ano). Con posterioridade, sen apenas variación de cantidades, ampliase o número de arquivos municipais incluídos a 42 no ano 2004 (263 € concello/ano) e a 43 no 2006 (256 € concello/ano) coa incorporación de Tui.

Por último o número chega aos 56 arquivos en 2007 (263 € concello/ano) variando as cantidades da oferta: 14.783,1509 € para os arquivos municipais e 2.465,10 € para a actuación nos distintos locais do arquivo da propia Deputación Provincial. Estaba previsto incluír 60 concellos na última proposta de contratación para o 2013 (263 € concello/ano), na que quedaba fóra unicamente Moaña, por renunciar explicitamente, Pontevedra e Vigo, cubríndose así a totalidade dos locais.

Ao longo polo tanto de dez anos consecutivos, comprobada a eficacia e utilidade desta actuación no relativo á paralización do proceso dexenerativo dos fondos vense desenvolvendo este proxecto que inclúe dous servizos completos de desinfección, desratización e desinsectación entre o 1 de xuño e o 30 de setembro. Escóllense estas datas por ser a época de maior actividade dos principais insectos actuantes, especialmente o *Coleopterus familia Anobium* e *Dermetes Laridarius*.

O método de aplicación utilizado é mediante termonebulización, a fin de conseguir unha maior capacidade de penetración en todos os ocos e alcanzar no maior grao á posible larva que houbera no interior.

A materia activa que se emprega é *extracto de pelitre*, cun gran efecto de choque e cun alto nivel de seguridade tanto para o aplicador ou as persoas, coma para o medio ambiente por non ser un produto residual. Para maior seguridade sélanse os locais durante dous días.

Téñense beneficiado nestes anos un total de 56 arquivos municipais: Agolada, Arbo, Baiona, Barro, Bueu, Caldas de Reis, Cambados, Campo Lameiro, A Cañiza, Catoira, Cerdedo, Cotobade, Covelo, Crecente, Cuntis, Dozón, A Estrada, Fornelos de Montes, Forcarei, Gondomar, O Grove, A Guarda, A Illa de Arousa, Lalín, A Lama, Meaño, Meis, Mondariz, Mondariz-Balneario, Moraña, Mos, As Neves, Nigrán, Pazos de Borbén, Poio, Ponte Caldelas, Pontearreas, Pontecesures, Porriño, Portas, Ribadumia, Redondela, Rodeiro, O Rosal, Sanxenxo, Salceda de Caselas, Salvaterra de Miño, Silleda, Soutomaior, Tomiño, Tui, Valga, Vila de Cruces, Vilaboa, Vilagarcía de Arousa e Vilanova de Arousa.

A partires do ano 2012 deixouse de levar a cabo esta actuación, vítima da fase de recortes que producíronse nas diferentes administracións, sendo acometida puntualmente a partires de entón por algún concello, con recursos propios.

Por outra parte, na procura da formación dos profesionais e de fomentar coñecementos teórico e prácticos relacionados cos soportes documentais, especialmente papel, así como co seu tratamento preventivo e restaurador, organizáronse xa dez edicións dun curso de “Conservación e restauración de documentos e obra gráfica en soporte papel”, impartidos a maioría deles por Eva García Amador, cualificada profesional, que ocupa o posto de restauradora do Arquivo do Reino de Galicia.

Con esta formación pretendeuse tamén, dalgún xeito, forzala creación da sección de papel dentro do plan de estudos da Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galicia, con sede na cidade de Pontevedra, iniciándose un proceso de sensibilización e demanda que podería dar os seus froitos, toda vez que para os vindeiros cursos tense a esperanza de que se inclúa esta especialidade, xunto as xa existentes de arqueoloxía, pintura e escultura.

Os obxectivos específicos destes cursos son os de aproximar a restauradores doutras especialidades, arquivistas e técnicos, á conservación preventiva e á restauración de documentos en papel, facilitando coñecementos sobre a natureza do soporte, as súas características e necesidades.

O programa incluíae unha parte teórica e outra práctica. O aspecto teórico abarca a natureza do papel e dos elementos sustentados; as causas de degradación: físicas, químicas e biolóxicas; a conservación preventiva; os criterios de restauración e o proceso; as actuacións en caso de sinistro e a prevención de riscos laborais.

No aspecto práctico tratase se proceder ó recoñecemento do estado de conservación; da limpeza mecánica e con disolventes; da medida de PH e desacidificación; do reapresto, da laminación, da reintegración do soporte e do prensado e montaxe.

■ 4.- O proceso técnico

No desenvolvemento dos diferentes procesos de organización, ordenación, instalación e descrición do patrimonio documental dos concellos podemos distinguir varias etapas ou fases diferenciadas que veñen marcadas pola evolución cronolóxica.

Entre os anos 1981 a 1984 atopámonos nunha fase inicial de valoración, programación, avaliación da realidade documental, elaboración de cadro de clasificación e dos primeiros intentos de aplicación práctica real nos primeiros arquivos municipais.

Logo, a partir das actuacións iniciadas no ano 1985 e 1986, coa multiplicación do persoal dispoñible e a elaboración dunha estrutura organizativa estable (Equipo Técnico do Patrimonio Documental), acélerase o proceso organizativo e inicianse procesos paralelos de asistencia permanente e de incorporación da documentación xerada nos últimos anos. Así mesmo os procesos de asistencia, diante da demanda e presión recibida, ábreanse puntualmente a outras documentacións distintas ás dos concellos: xulgados de paz, entidades locais menores, mancomunidades..., algo que ocorrerá a partir de entón de forma habitual, con actuacións moi diferenciadas.

Para a clasificación dos fondos nos arquivos municipais dende o primeiro momento e tendo en conta a falla de referentes válidos naqueles momentos, empeza a utilizarse un completo cadro funcional elaborado “ad hoc”, que diferencia tanto na instalación física como na propia clasificación os libros e os documentos, distribuído en tres seccións, coa seguinte estrutura básica

A. Administración Xeral

A.1. Oficialía Maior

- A.2. Estatística
- A.3. Secretaría
- A.4. Rexistro e Información
- A.5. Persoal
- A.6. Asesoría Xurídica

B. Obras e Servizos

- B.1. Obras e Urbanismo
- B.2. Servizos municipais
 - B.2.1. Asistencia Social e Educativa
 - B.2.2. Beneficencia
 - B.2.3. Sanidade
 - B.2.4. Policía. Seguridade cidadá. Trafico e Quintas
 - B.2.5. Cultura. Deportes.
 - B.2.6. Outros servizos

C. Servizos Patrimoniais e Económicos

- C.1. Patrimonio
- C.2. Contratación

A partir destas seccións desenvólíase un cadro de clasificación con 268 series para o conxunto dos expedientes e agrupacións documentais e outro para os libros e rexistros.

Logo da ordenación cronolóxica e, máis puntualmente, alfabética das series e subseries resultantes, elaborábanse para cada arquivo, mecanográficamente e de xeito duplicado, un cadro de clasificación, coa información específica de cada fondo; un inventario que recolle a información de cada unidade de instalación – libro ou caixa; e un catálogo en fichas que describen algúns casos concretos a nivel de expediente (obras maiores, expedientes de patrimonio ou persoal...etc.), ademais de algún índice alfabético.

A continuidade no tempo destes procesos conleva a organización da totalidade dos arquivos municipais e a instauración dun protocolo de actuación máis ou menos regular no tempo, que implica a asistencia técnica constante e a reincorporación documental naqueles concellos que o van solicitando.

Una nova etapa iníciase alá polo ano 1994, de forma incipiente e como primeiras experiencias pola provisionalidade na que se atopaba o proceso, e dende 1996 xa de forma xeneralizada empréndese un novo proceso que deriva na realidade actual, motivado pola incorporación da informática ao proceso técnico e pola intención de adaptar todo o proceso a nova realidade consensuada a nivel nacional: un novo cadro de clasificación, con catro seccións – 1.GOVERNO, 2.ADMINISTRACIÓN, 3.SERVIZOS e 4.FACENDA -, desenrolado en 27 subseccións e un máximo de 242 series, moitas delas en realidade agrupación de series e cun posible desenvolvemento a nivel de subserie nos casos que se estime oportuno e operativo:

CADRO CLASIFICACIÓN ARQUIVOS MUNICIPAIS

1. GOBERNO

- 1.1. CONCELLO/PLENO
- 1.2. ALCALDE
- 1.3. COMISIÓN DE GOBERNO/ PERMANENTE
- 1.4. COMISIÓN INFORMATIVAS E ESPECIAIS

2. ADMINISTRACIÓN

- 2.1. SECRETARÍA
- 2.2. REXISTRO
- 2.3. PATRIMONIO
- 2.4. PERSOAL
 - 2.4.1. ADMINISTRACIÓN DE PERSOAL
 - 2.4.2. DISCIPLINA E CONTROL
 - 2.4.3. CLASES PASIVAS/ S.S./ MUTUALIDADES
 - 2.4.4. SELECCIÓN DE PERSOAL
 - 2.4.5. REPRESENTACIÓN DO PERSOAL
- 2.5. SERVICIOS XURÍDICOS
- 2.6. CONTRATACIÓN
- 2.7. ARQUIVO

3. SERVIZOS

- 3.1. OBRAS E URBANISMO
 - 3.1.1. PLANIFICACIÓN
 - 3.1.2. PLANS DE OBRAS E SERVIZOS
 - 3.1.3. OBRAS MUNICIPAIS
 - 3.1.4. OBRAS PARTICULARES
 - 3.1.5. INDUSTRIAS
- 3.2. SERVICIOS AGROPECUARIOS
- 3.3. ABASTECIMENTOS E CONSUMOS
 - 3.3.1. ABASTOS E CONSUMOS
 - 3.3.2. MATADOIRO
 - 3.3.3. AUGA
 - 3.3.4. O.M.I.C.
 - 3.3.5. PÓSITO
- 3.4. TRANSPORTES
- 3.5. SEGURIDADE CIDADÁ
- 3.6. SANIDADE
- 3.7. BENEFICENCIA E ASISTENCIA SOCIAL
- 3.8. EDUCACIÓN
- 3.9. CULTURA
- 3.10. DEPORTES
- 3.11. POBOACIÓN
- 3.12. QUINTAS E MILICIAS
- 3.13. ELECCIÓNS

4. FACENDA

- 4.1. INTERVENCIÓN
 - 4.1.1. ASUNTOS XERAIS
 - 4.1.2. PRESUSPOSTOS ORDINARIOS
 - 4.1.3. PRESUSPOSTOS EXTRAORDINARIOS
 - 4.1.4. PRESUSPOSTOS DE INVERSIÓN
- 4.2. FINANCIACIÓN E TRIBUTACIÓN
 - 4.2.1. IMPOSTOS
 - 4.2.2. TAXAS
- 4.3. TESOURERÍA
 - 4.3.1. CAIXA
 - 4.3.2. RECADACIÓN
 - 4.3.3. CONTAS BANCARIAS

Isto provoca retomar o proceso de organización de novo na totalidade dos concellos, tanto fisicamente, reorganizando a totalidade do fondo e unificando documentos, expedientes e libros ou rexistros de acordo a un cadro de clasificación único, como na elaboración dos pertinentes instrumentos descritivos, ardua tarefa que se emprende sen dilación (incluso varios arquivos actualízanse nunha fase inicial na que estaba previsto establecer só tres seccións unificando Administración e Servizos, nun debate prolongado e parece que non resolto definitivamente) e que a día de hoxe nove anos despois, agás dous casos puntuais nos que a situación actual fai imposible acometer o proceso, atópase rematada.

Esta actuación complementábase coa xeneralización definitiva dos procesos de actualización e incorporación de nova documentación xerada nos últimos anos polas diferentes administracións e conleva a informatización dos instrumentos de descrición e, con elo, a moito maior profusión e profundidade dos mesmos a nivel de descrición e da calidade informativa dos mesmos.

Cada arquivo conta, tanto en soporte tradicional coma informático, co seu cadro de clasificación específico, coa información de datas extremas e unidades de instalación. Co seu inventario somero, relacionando as unidades de instalación coas series que inclúe a súa data extrema; e o inventario detallado, que describe a totalidade dos documentos, expedientes e agrupacións documentais, de xeito suficiente para garantir a súa localización.

A informatización dos instrumentos de descrición nunha base de datos, baseada nunha sinxela estrutura foise desenvolvendo nunha ferramenta en Filemaker, denominada “Clarisa” que permite a realización de múltiples procesos técnicos e incluso o control do préstamo e das consultas, elaboración de inventarios, cadro de clasificación, buscas rápidas e precisas...etc, uniforme para tódolos arquivos e fondos documentais organizados na provincia e sen custo económico adicional e con moita facilidade de uso e aproveitamento, premisa básica, tanto por persoal do arquivo como por parte dos cidadáns e usuarios, que foi evolucionando e mellorando en sucesivas versións, segundo ían permitindo as funcionalidades que Filemaker incorporaba nas súas actualizacións.

O seguinte paso acométese coa autoimposta necesidade de acometer a definitiva normalización dos procesos de acordo coas diferentes normativas aprobadas e consensuadas a nivel internacional, nacional e autonómico: ISAD-G, NOGADA, ISDIAH,

ISAAR e ISDF, sabedores da complexidade que suporía a súa implantación nun medio sen apenas profesionais nos arquivos ou sen a formación pertinente. A nova realidade tecnolóxica e da xestión documental conleva e esixe a realización deste proceso, tanto para intercambio de información como para a difusión dos documentos dixitalizados, por exemplo.

O proceso corresponde coordinalo ao Servizo de Novas Tecnoloxías, que escolle e selecciona, logo do oportuno concurso, dúas ferramentas para o desenvolvemento dos procesos técnicos en arquivos (ATOM) e en bibliotecas (KOHA), ámbolos dous de software libre pero necesitados de desenvolvementos específicos con determinadas premisas técnicas que se requiren na convocatoria. Ademais adóptase a decisión de que haberá unha plataforma conxunta e única para a difusión de tódolos fondos da Deputación e das institucións que se sumen ao uso destas ferramentas; a través de VUFIND desenvólvese un portal do usuario, con moitas funcionalidades como vía de acceso e consultas do patrimonio documental e bibliográfico, nos diferentes soportes, conservados na Deputación e na provincia de Pontevedra.

No que se refire ao patrimonio documental, tomando como base ATOM, na procura da normalización e posta en valor do traballo técnico realizado nos últimos anos, a Deputación de Pontevedra puxo a disposición dos centros arquivísticos un desenvolvemento específico deste software con algunha funcionalidades e potencialidades propias, a elaboración dos oportunos manuais para implementación da información usando a normativa actual (NOGADA, ISDIAH, ISAAR, ISDF) e recolle xa a información de 127 institucións con 269 fondos documentais diferentes, nos que se pode navegar e acceder aos seus contidos.

Nela procedeuse a importación de toda a información da que se dispoñía en Filemaker, de xeito normalizado, para a súa posterior revisión e cumprimentación naqueles campos ou casos que o requiría, quedando operativas tódalas institucións para seguir co proceso de asistencia técnica e para continuar a desenvolver as diferentes actuacións en curso, todo elo sen producir parálise real nas actuacións aínda que obrigando a unha notable adaptación e modificación de pautas de procedemento.

A nova ferramenta obriga a incorporar novos campos de descrición e complementase coa incorporación de puntos de acceso normalizados, para favorecer o tratamento da información e melloralos resultados nas procuras que se poidan desenvolver; así engádense a cada rexistro puntos de acceso de materia, lugares e autoridades, no caso de ser preciso.

O acceso de materias está normalizado neste caso a partir dun amplo tesouro elaborado tomando como base o usado na Deputación de Alicante, traducido e adaptado a nosa realidade, que parte de 22 grandes áreas temáticas e conta xa cun total de 2.320 termos, que se van ampliando de ser necesario, interrelacionados entre sí e que permite a procura por calquera deles. A modo de exemplo, nun rexistro no que introduzamos a materia “infracción urbanística” obtemos o seguinte resultado:

[OBRAS E URBANISMO](#) » [Urbanismo](#) » [Regulamentación urbana](#) » [Infracción urbanística](#)

O acceso de lugares e topónimos usa a estrutura do nomenclátor debidamente normalizada e aprobada oficialmente, coa mesma terminoloxía, incluíndo tódolos niveis dende lugar, parroquia, concello, provincia, comunidade autónoma e país. Na actualidade

inclúense 8.104 lugares diferentes e interrelacionados entre sí e que permite a procura por calquera deles. A modo de exemplo a estrutura resultante podería ser a seguinte: *España » Galicia » Pontevedra » Cerdedo » Figueiroa (San Martiño) » Vilar*

Cada rexistro pode levar un acceso á autoridade, previamente creada de acordo coa norma ISAAR. Ademais neste caso concreto relacionase coa lista de autoridades que se habilita en Koha para a descrición do patrimonio bibliográfico coa finalidade de amosar un resultado único no “Portal dos cidadáns”. Na actualidade téñense creado en ATOM 1.625 autoridades, 1.017 de persoas, 415 de entidades colectivas e 17 de familias.

Tamén importante foi o desenvolvemento específico que permite a xestión e o control do préstamo ou consulta dos documentos e expedientes, mediante a xestión dos solicitantes e relacionándoos cos rexistros da base de datos. Parte desta información xa foi importada de Filemaker e ven sendo usada con regularidade ademais de polo Arquivo da Deputación e o Museo de Pontevedra, por dez concellos da provincia. Na actualidade téñense constatado un total de 38.658 préstamos as diferentes oficinas xestoras, dos que 28.034 foron xa importados de Filemaker e 8.924 son préstamos feitos no último ano xa en ATOM así como 1.700 consultas en sala. Os concellos que usan xa esta posibilidade, son: Bueu (1.206 préstamos con 323 sen devolver); A Estrada (856 préstamos con 182 sen devolver); Mos (2.161 préstamos con 841 sen devolver); Nigrán (6.860 préstamos con 1.198 sen devolver); Redondela (11.251 préstamos con 482 sen devolver); Salceda de Caselas (556 préstamos con 249 sen devolver); Salvaterra de Miño (63 préstamos con 31 sen devolver); Sanxenxo (3.859 préstamos con 941 sen devolver); Tui (1.183 préstamos con 100 sen devolver); Vilagarcía de Arousa (4.191 préstamos con 252 sen devolver).

Houbo tamén que poñer en funcionamento tódolo relacionado coa xestión dos usuarios de ATOM, elemento de extraordinaria importancia e necesario para o control do acceso ás funcionalidades e informacións en base ao perfil que se defina e parametrize. Elo implica a creación de usuarios e grupos de usuarios nas respectivas institucións ou fondos. Inicialmente optouse por dúas modalidades básicas: “editor,” con posibilidade de modificar e completar rexistros, borrar, prestar...ou cambiar o estado dos mesmos (borrador, público ou restrinxido), e “consultor”, que so ten acceso á información pero non pode modificala. A partires desta estrutura procedeuse a dar de alta aos usuarios requiridos por cada arquivo, mediante un sistema de usuario e contrasinal que lle asigna determinados permisos e funcionalidades de acordo co seu perfil e a habilitárselle un acceso remoto ao servidor de Deputación que almacena a base de datos. Polo de agora están creados 283 usuarios.

No decurso destas actuacións foron xurdindo diferentes problemáticas relacionadas coa ausencia de normalización da descrición anterior como por exemplo a ausencia dun campo título, a carencia de datos precisos sobre o volume e soporte directamente importables, a ausencia de referencia concreta ao creador...ou outros relacionados coa normalización lingüística. Para todos eles houbo que adoptar solucións provisionais ata que se vaian corrixindo nas sucesivas actuacións de revisión e actualización.

É por iso que este arduo proceso atópase agora nunha fase de mellora de contidos e revisión dos mesmos, de control e mellora de funcionalidades e informes e de implementación práctica nos diferentes arquivos da provincia. En todo caso xa se pode afirmar que na actualidade xa se atopa operativo nos diferentes centros a nivel de usuario e no Arquivo

da Deputación para consulta xeral de calquera cidadán ou investigador. Traballase na implementación definitiva do portal do cidadán para o uso xenérico de calquera persoa, algo que se espera poida darse en breve, xa que tecnicamente xa é posible.

Na actualidade o desenrolo de ATOM, accesible vía web a través da dirección de internet www.catalogodocumental.depo.es, contén a información e contidos dun total, como xa dixemos, de 127 institucións arquivísticas (Arquivo Histórico Provincial, Arquivo Deputación, Arquivos municipais, Xulgados de Paz, Entidades Locais Menores, Mancomunidades, Museo de Pontevedra, Instituto de Pontevedra e outros), que se desenvolven nun total de 269 fondos e coleccións documentais, articuladas en 2.599 primeiras división de Sección e nunhas 14.599 series documentais distintas ou de distintas institucións, que conforman os respectivos cadros de clasificación dos que colgaran a modo de árbore os 2.031.903 de rexistros coa información das unidade documentais composta e simples. O detalle desta información, sempre viva e crecendo, relatase a modo de información no seguinte cadro:

Institución	Código ID	Datas extremas	UI	Exp/AD
Arquivo Deputación de Pontevedra	ES.GA.36038.ADPO.	1411-2015	38.818	184.539
Arquivo municipal de Agolada	ES.GA.36020.AM.AGO.	1840-2013	1.404	15.459
Arquivo municipal de Arbo	ES.GA.36001.AM.ARB.	1837-2013	2.420	19.584
Arquivo municipal de Baiona	ES.GA.36003.AM.BAI	1541-2016	5.690	39.061
Arquivo municipal de Barro	ES.GA.36002.AM.BAR.	1839-2016	2.323	20.006
Arquivo municipal de Bueu	ES.GA.36004.AM.BUE.	1503-2015	4.631	57.785
Arquivo municipal de Caldas de Reis	ES.GA.36005.AM.CAL.	1783-2014	4.498	41.333
Arquivo municipal de Cambados	ES.GA.36006.AM.CAMB.	1831-2016	6.649	47.716
Arquivo municipal de Campo Lameiro	ES.GA.36007.AM.CAMP.	1874-2013	1.328	13.738
Arquivo municipal de Cangas	ES.GA.36008.AM.CAN.	1746-2014	2.372	33.385
Arquivo municipal da Cañiza	ES.GA.36009.AM.CAÑ.	1792-2015	2.555	24.007
Arquivo municipal de Catoira	ES.GA.36010.AM.CAT.	1886-2015	1.803	18.508
Arquivo municipal de Cerdedo	ES.GA.36011.AM.CER.	1858-2016	1.407	9.513
Arquivo municipal de Cotobade	ES.GA.36012.AM.COT.	1836-2015	2.639	23.657
Arquivo municipal de Covelo	ES.GA.36013.AM.COV.	1787-2013	1.541	12.618
Arquivo municipal de Crecente	ES.GA.36014.AM.CRE.	1694-2014	1.705	16.140
Arquivo municipal de Cuntis	ES.GA.36015.AM.CUN.	1824-2016	3.025	24.408
Arquivo municipal de Dozón	ES.GA.36016.AM.DOZ.	1848-2013	875	10.633
Arquivo municipal da Estrada	ES.GA.36017.AM.EST.	1840-2016	11.240	58.490
Arquivo municipal de Forcarei	ES.GA.36018.AM.FORC.	1822-2014	3.214	21.429
Arquivo municipal de Fornelos de Montes	ES.GA.36019.AM.FOR.	1860-2014	1.343	13.901
Arquivo municipal de Gondomar	ES.GA.360121.AM.GON.	1661-2013	3.938	32.604
Arquivo municipal do Grove	ES.GA.36018.AM.GRO.	1812-2015	5.035	40.918
Arquivo municipal da Guarda	ES.GA.36023.AM.GUA.	1624-2012	5.468	22.388
Arquivo municipal da Illa de Arousa	ES.GA.36061.AM.ILL.	1933-2014	1.631	7.518
Arquivo municipal de Lalín	ES.GA.36024.AM.LAL.	1841-2011	6.393	36.675
Arquivo municipal da Lama	ES.GA.36025.AM.LAM.	1839-2014	1.751	16.308
Arquivo municipal de Meaño	ES.GA.36027.AM.MEA.	1846-2013	2.363	18.176

Arquivo municipal de Meis	ES.GA.36028.AM.MEI.	1912-2014	2.168	16.216
Arquivo municipal de Moaña	ES.GA.36029.AM.MOA.	1818-2011	4.649	21.216
Arquivo municipal de Mondariz	ES.GA.36030.AM.MON.	1841-2013	2.127	21.019
Arquivo municipal de Mondariz-Balneario	ES.GA.36031.AM.MONBAL.	1899-2014	961	8.106
Arquivo municipal de Moraña	ES.GA.36032.AM.MOR.	1837-2015	2.305	19.332
Arquivo municipal de Mos	ES.GA.36033.AM.MOS.	1875-2014	7.041	37.850
Arquivo municipal das Neves	ES.GA.36034.AM.NEV.	1764-2016	2.910	21.052
Arquivo municipal de Nigrán	ES.GA.36035.AM.NIG.	1807-2015	9.653	81.960
Arquivo municipal de Oia	ES.GA.36036.AM.OIA.	1600-2015	2.085	21.674
Arquivo municipal de Pazos de Borbén	ES.GA.36037.AM.PAZ.	1821-2015	2.002	23.835
Arquivo municipal de Poio	ES.GA.36041.AM.POI.	1835-2015	5.596	37.974
Arquivo municipal de Ponte Caldelas	ES.GA.36043.AM.PONCAL.	1811-2014	2.775	22.914
Arquivo municipal de Pontearreas	ES.GA.36042.AM.PONARE.	1836-2003	2.842	18.685
Arquivo municipal de Pontecesures	ES.GA.36044.AM.PONCES.	1914-2015	2.152	22.262
Arquivo municipal de Porriño	ES.GA.36039.AM.POR.	1871-2003	3.351	15.216
Arquivo municipal de Portas	ES.GA.36040.AM.PORT.	1827-2014	1.321	14.880
Arquivo municipal de Redondela	ES.GA.36045.AM.RED.	1848-2016	8.072	68.857
Arquivo municipal de Ribadumia	ES.GA.36046.AM.RIB.	1849-2015	2.091	18.271
Arquivo municipal de Rodeiro	ES.GA.36047.AM.ROD.	1833-2013	1.416	15.650
Arquivo municipal do Rosal	ES.GA.36048.AM.ROS.	1847-2014	3.289	28.158
Arquivo municipal de Salceda de Caselas	ES.GA.36049.AM.SALC.	1840-2013	3.277	23.528
Arquivo municipal de Salvaterra de Miño	ES.GA.36050.AM.SALV.	1831-2013	3.662	31.478
Arquivo municipal de Sanxenxo	ES.GA.36051.AM.SAN.	1863-2014	12.842	55.383
Arquivo municipal de Silleda	ES.GA.36052.AM.SIL.	1858-2014	2.557	15.177
Arquivo municipal de Soutomaior	ES.GA.36053.AM.SOU.	1850-2015	2.390	23.229
Arquivo municipal de Tomiño	ES.GA.36054.AM.TOM.	1820-2014	5.834	29.303
Arquivo municipal de Tui	ES.GA.36055.AM.TUI.	1597-2015	6.119	45.697
Arquivo municipal de Valga	ES.GA.36056.AM.VAL.	1819-2015	3.226	28.495
Arquivo municipal de Vila de Cruces	ES.GA.36059.AM.VILCRU.	1872-2015	2.386	22.491
Arquivo municipal de Vilaboa	ES.GA.36058.AM.VILAB.	1856-2014	2.335	21.738
Arquivo municipal de Vilagarcía de Arousa	ES.GA.36060.AM.VILGAR.	1836-2014	15.940	116.877
Arquivo municipal de Vilanova de Arousa	ES.GA.36061.AM.VILNOV.	1562-2013	5.416	38.177
Instituto de Pontevedra	ES.GA.36038.AINST.PONT.	1854-2004	1.403	4.600
Mancomunidade de concellos do Morrazo	ES.GA.36004.AMANC.MOR.	1898-2013	65	242
Mancomunidade Intermunicipal do Baixo Miño	ES.GA.36740.AMANC.BM.	1990-2008	44	287
Mancomunidade do Salnés	ES.GA.36006.AMANC.SAL.	1985-2005	453	1.163
Salinas de Vilaboa	ES.GA.36058.ASVIL.	1694-2013	2	41
ORAL	ES.GA.36038.ADPO.	1990-2015	3.565	9.782
Arquivo Museo de Pontevedra	ES.GA.36038.AMUPO.	1367-2006	2.231	48.003
Xulgado de Paz de Agolada	ES.GA.36020.AXP.AGO.	1868-1999	80	273
Xulgado de Paz de Arbo	ES.GA.36001.AXP.ARB.	1870-2013	197	930
Xulgado de paz de Baiona	ES.GA.36003.AXP.BAI.	1870-2002	77	522

Xulgado de paz de Barro	ES.GA.36002.AXP.BAR.	1774-2002	101	686
Xulgado de paz de Bueu	ES.GA.36004.AXP.BUE.	1838-2002	162	1.335
Xulgado de paz de Campo Lameiro	ES.GA.36007.AXP.CAMP.	1841-2002	105	790
Xulgado de paz da Cañiza	ES.GA.36009.AXP.CAÑ.	1842-2001	295	1.841
Xulgado de paz de Catoira	ES.GA.36010.AXP.CAT.	1871-2012	85	301
Xulgado de paz de Cerdedo	ES.GA.36011.AXP.CER.	1860-1999	68	181
Xulgado de paz de Cotobade	ES.GA.36012.AXP.COT.	1841-2016	122	1.102
Xulgado de paz de Covelo	ES.GA.36013.AXP.CO.V.	1870-1992	92	264
Xulgado de Paz de Crecente	ES.GA.36014.AXP.CRE.	1830-2011	51	613
Xulgado de Paz de Cuntis	ES.GA.36015.AXP.CUN.	1871-2002	67	326
Xulgado de Paz de Dozón	ES.GA.36016.AXP.DOZ.	1871-2002	58	459
Xulgado de Paz de Fornelos de Montes	ES.GA.36019.AXP.FORN.	1870-2003	31	428
Xulgado de Paz de Gondomar	ES.GA.36021.AXP.GON.	1870-2001	110	1.192
Xulgado de Paz de O Grove	ES.GA.36022.AXP.GRO.	1871-2002	123	832
Xulgado de Paz de A Guarda	ES.GA.36013.AXP.GUA.	1863-2002	174	1549
Xulgado de Paz da Illa de Arousa.	ES.GA.36061.AXP.ILL.	1950-2011	27	293
Xulgado de Paz de A Lama	ES.GA.36025.AXP.LAM.	1828-1997	91	211
Xulgado de Paz de Meaño	ES.GA.36027.AXP.MEA.	1818-1997	74	150
Xulgado de Paz de Meis	ES.GA.36028.AXP.MEI.	1910-1997	87	203
Xulgado de Paz de Moaña.	ES.GA.36029.AXP.MOA.	1837-2002	252	273
Xulgado de Paz de Mondariz	ES.GA.36030.AXP.MON.	1871-2002	70	1.033
Xulgado de Paz de Mondariz-Balneario	ES.GA.36031.AXP.MONBAL	1896-2001	21	662
Xulgado de Paz de Moraña	ES.GA.36032.AXP.MOR.	1870-2011	86	643
Xulgado de Paz de As Neves	ES.GA.36034.AXP.NEV.	1870-2002	65	543
Xulgado de Paz de Nigrán	ES.GA.36035.AXP.NIG.	1869-2002	96	952
Xulgado de Paz de Oia	ES.GA.36036.AXP.OIA.	1836-2016	72	1.164
Xulgado de paz de Pazos de Borbén	ES.GA.36037.AXP.PAZ.	1834-2015	119	886
Xulgado de Paz de Poio	ES.GA.36041.AXP.POI.	1847-2002	252	1.692
Xulgado de Paz de Ponte Caldelas	ES.GA.36043.AXP.PONCAL.	1844-2002	315	1.413
Xulgado de Paz de Pontecesures	ES.GA.36044.AXP.PONCES.	1924-2014	84	401
Xulgado de Paz de Portas	ES.GA.36040.AXP.POR.	1840-2010	102	477
Xulgado de Paz de Ribadumia	ES.GA.36046.AXP.RIB.	1863-2016	69	590
Xulgado de Paz de Rodeiro	ES.GA.36047.AXP.ROD.	1862-2002	155	2.026
Xulgado de Paz do Rosal	ES.GA.36048.AXP.ROS.	1857-2008	148	1.935
Xulgado de Paz de Salceda de Caselas	ES.GA.36049.AXP.SALC.	1870-2002	64	1.044
Xulgado de Paz de Salvaterra de Miño	ES.GA.36050.AXP.SALV.	1848-2002	73	858
Xulgado de Paz de Silleda	ES.GA.36052.AXP.SIL.	1871-2002	272	1.457
Xulgado de Paz de Soutomaior	ES.GA.36053.AXP.SOU.	1870-2007	71	205
Xulgado de Paz de Tomiño	ES.GA.36054.AXP.TOM.	1871-2002	91	662
Xulgado de Paz de Valga	ES.GA.36056.AXP.VAL.	1862-2002	68	337
Xulgado de Paz de Vila de Cruces	ES.GA.36059.AXP.VILCRU.	1868-2002	202	1.254
Xulgado de Paz de Vilaboa	ES.GA.36058.AXP.VILAB.	1862-2002	147	1.675

Xulgado de Paz de Vilanova de Arousa	ES.GA.36061.AXP.VILNOV.	1862-2002	145	1.029
Entidade Local Menor de Arcos da Condesa	ES.GA.36005.AELM.ARC.	1946-1995	89	104
Entidade Local Menor de Bembrive	ES.GA.36057.AELM.BEM.	1752-2014	531	2.713
Entidade Local Menor de Berán	ES.GA.32040.AELM.BER.	1925-1997	40	65
Entidade Local Menor de Camposancos	ES.GA.36023.AELM.CAM.	1760-1995	53	67
Entidade Local Menor de Chenlo	ES.GA.36039.AELM.CHE.	1920-1997	52	121
Entidade Local Menor de Morgadáns	ES.GA.36021.AELM.MOR.	1918-2005	99	667
Entidade Local Menor de Pazos de Reis	ES.GA.36055.AELM.PAZ.	1926-2004	138	676
Entidade Local Menor de Queimadelos	ES.GA.36031.AELM.QUE.	1752-2015	71	612
Entidade Local Menor de Vilasobroso	ES.GA.36031.AELM.VIL.	1924-1994	36	58
Arquivo Museo de Pontevedra	ES.GA.36038.AMUPO.	1033-2006	2.231	48.013
Arquivo Pazo de Rubiáns	ES.GA.36060.APAZRUB.	1321-2000	268	7.890
Arquivo Pazo de Sestelo	ES.GA.36060.APAZSES.	1598-1831	40	12.751

O desenvolvemento temporal dos procesos realizados no período 1981-2016, incluíndo os traballos técnicos de clasificación e ordenación documental e descrición dos fondos, foi o seguinte:

ANO 1981-1982

Organización dos arquivos municipais de COTOBADE e BAIONA.

ANO 1983

Organización dos arquivos municipais de VILANOVA DE AROUSA, CALDAS DE REIS (1ª FASE) e MARÍN (1ª FASE).

ANO 1984

Organización dos arquivos municipais de TUI (1ª FASE), POIO e VILAGARCÍA DE AROUSA (1ª FASE).

ANO 1985

Organización dos arquivos municipais de PONTE CALDELAS, VILABOIA, VILAGARCÍA DE AROUSA (2ª FASE) e A ESTRADA (1ª FASE).

ANO 1986

Organización dos arquivos municipais de PONTEAREAS, CERDEDO, A LAMA, GONDOMAR, RIBADUMIA, MEIS (1ª FASE), MONDARIZ (1ª FASE), VALGA (1ª FASE) e A ESTRADA (2ª FASE).

ANO 1987

Organización dos arquivos municipais de SOUTOMAIOR, MEIS (2ª FASE), CANGAS, A ESTRADA (3ª FASE),

VALGA (2ª FASE), CAMBADOS(1ª FASE), MONDARIZ (2ª FASE), TUI (2ª FASE) e NIGRÁN (1ª FASE).

ANO 1988

Organización dos arquivos municipais de SANXENXO, REDONDELA, SILLEDA, CAMBADOS (2ª FASE) e CUNTIS (1ª FASE).

Traballos de reincorporación documental e asistencia técnica directa nos concellos de VILAGARCÍA DE AROUSA e PONTE CALDELAS.

ANO 1989

Organización dos arquivos municipais de LALÍN, DOZÓN, AGOLADA, BUEU, SALVATERRA DE MIÑO, CATOIRA, A GUARDA (1ª FASE), MONDARIZ-BALNEARIO, MORAÑA, CAMPO LAMEIRO, PAZOS DE BORBÉN e TOMIÑO (1ª FASE).

Traballos de reincorporación documental e asistencia técnica directa nos concellos de POIO, COTOBADE.

ANO 1990

Organización dos arquivos municipais de MOS, O GROVE, A GUARDA (2ª FASE), AS NEVES, MARÍN (2ª FASE), TOMIÑO (2ª FASE), CALDAS DE REIS (2ª FASE), NIGRÁN e CUNTIS (2ª FASE).

Traballos de reincorporación documental e asistencia técnica directa nos concellos de A LAMA, PONTEAREAS, CUNTIS e NIGRÁN.

ANO 1991

Organización dos arquivos municipais de FORNELOS DE MONTES, FORCAREI, CRECENTE, O ROSAL e MEAÑO.

Traballos de reincorporación documental e asistencia técnica directa nos concellos de MORAÑA, RIBADUMIA, SOUTOMAIOR, CALDAS DE REIS e VILAGARCÍA DE AROUSA.

Organización dos arquivos dos XULGADOS DE PAZ do ROSAL, MONDARIZ-BALNEARIO e SOUTOMAIOR.

ANO 1992

Organización dos arquivos municipais de ARBO, COVELO, A CAÑIZA, PONTECESURES, OIA e BARRO.

Traballos de reincorporación documental e asistencia técnica directa nos concellos de CERDEDO, PAZOS DE BORBÉN, CAMBADOS, O GROVE, A GUARDA e VILABOA.

Organización dos fondos dos Xulgados de Paz de ARBO, PONTECESURES e COVELO.

ANO 1993

Reorganización de acordo co novo cadro de clasificación dos arquivos municipais de: PORTAS, PORRIÑO, VILA DE CRUCES, RODEIRO e SALCEDA DE CASELAS.

Reincorporación documental nos arquivos municipais de SANXENXO, POIO e COTOBADE.

Organización dos fondos documentais da ENTIDADE LOCAL MENOR DE BEMBRIVE.

ANO 1994

Reorganización de acordo co novo cadro de clasificación dos arquivos municipais de: BAIONA, GONDOMAR, MONDARIZ, MOS, DOZÓN e SILLEDA.

Reincorporación documental nos concellos de MEIS, PAZOS DE BORBÉN, SOUTOMAIOR e AS NEVES.

Organización do arquivo do Xulgado de Paz de PAZOS DE BORBÉN.

ANO 1995

Reorganización de acordo co novo cadro de clasificación dos arquivos municipais: PONTEAREAS, COVELO, O GROVE, MONDARIZ-BALNEARIO, CAMPO LAMEIRO, VILANOVA DE AROUSA e CRECENTE.

Acometéronse traballos de reincorporación documental nos concellos de VILA DE CRUCES, SALCEDA DE CASELAS E A GUARDA.

ANO 1996

Reorganización de acordo co novo cadro de clasificación dos arquivos municipais de O GROVE, CATOIRA, FORCAREI, AGOLADA, MOAÑA E PONTE CALDELAS.

Reincorporación documental nos arquivos municipais de VILANOVA DE AROUSA e COTOBADE.

Organización dos fondos documentais do XULGADO DE PAZ DE COTOBADE.

Organización do patrimonio documental das ENTIDADES LOCAIS MENORES DE ARCOS DA CONDESA,

QUEIMADELOS, VILASOBROSO, MORGADÁNS, PAZOS DE REIS, CHENLO , CAMPOSANCOS E BERÁN.

ANO 1997

Reorganización de acordo co novo cadro de clasificación dos arquivos municipais de: RIBADUMIA, A LAMA, TOMIÑO, MEAÑO, ARBO e O ROSAL.

Organización dos fondos documentais dos XULGADOS DE PAZ DE RIBADUMIA, PORTAS, MEIS, MEAÑO e CATOIRA.

ANO 1998

Reorganización de acordo co novo cadro de clasificación dos arquivos municipais de: CUNTIS, CAMBADOS e CAMPO LAMEIRO.

Reincorporación documental nos arquivos municipais de ARBO, CATOIRA, AS NEVES, VILA DE CRUCES, RODEIRO, DOZÓN, FORCAREI, MONDARIZ-BALNEARIO, O GROVE e REDONDELA.

Organización dos fondos documentais do SERVIZO FORESTAL DA DELEGACIÓN PROVINCIAL DA CONSELLERÍA DE AGRICULTURA.

ANO 1999

